

COMPARECENCIA DO ALCALDE (VARIOS TEMAS CON ADIF)

PLENO 29 FEBREIRO 2012. ACTA 2/2012

O concelleiro Varela Couñago formula ao efectos da comparecencia solicitada o seguinte:

Sendo coñecedores de que o alcalde Javier Bas mantivo un encontro con diversos responsables de Fomento e RENFE-ADIF, como poden ser os técnicos de Fomento, Ana Pastor (Ministra de Fomento), o Director Xeral de Ferrocarrís, o Conselleiro de Infraestruturas ou o Presidente de ADIF, damos por feito que neses encontros tratou temas referentes ao Concello de Redondela e que foron tratados en pleno, como poden ser o levantamento das vías, situación na que se atopa a posible estación ou apeadoiro de Chapela, limpeza dos terreos de RENFE-ADIF polas parroquias, cesión dos terreos que posúen no noso concello para uso público, entre outros. Polo tanto, dende a Agrupación de Electores de Redondela **SOLICITAMOS A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE no pleno de febreiro do 2012 para que explique e poña en coñecemento dos veciños cando e que solucións se van pór aos problemas antes nomeados.**

O Alcalde di que cada vez que ten ocasión fai constar a Fomento a a ADIF as necesidades e demandas que hai en Redondela. Indica que cando recén veu a ministra a Vigo, tivo contacto con ela e co director da ADIF e lles falou desas demandas. Dí que hai un compromiso de respostar pronto e que quedoulle claro que o goberno anterior non fixera nada.

O concelleiro Varela Couñago dí que preocúpalles a pasarela de Chapela e que hai que solucionalo o máis axiña posible.

O Alcalde di que esperaba que se definiran sobre a pasarela de Chapela. Dixéronlle que era competencia municipal e, se é o caso, habrá que afrontala como Concello.